

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 15 DE NOVEMBRO DE 2023

### Asistentes:

#### Presidente

Prada Rodríguez, Julio

#### Vicedecanos

Arribas Álvarez, M<sup>a</sup> Carmen  
Presedo Garazo, Antonio

#### Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

#### PDI

Barriocanal López, Yolanda  
Pérez Rodríguez, Fco. Javier  
Reboreda Morillo, Susana  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Uña Álvarez, Elena de

#### PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

#### Estudiantes

Domínguez Carrera, Lucía  
González Jorge, David  
Rama Mosquera, Alejandro

#### PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

#### Excusan asistencia

#### PDI

Comendador Rey, Beatriz  
López Díaz, María

A reunión realizarase de xeito virtual por correo electrónico, coa participación dos membros que se citan á marxe o mércores 15 de novembro ás 12,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da Acta da xuntanza ordinaria do 20 de outubro de 2023.
2. Aprobación, se procede, dos seguintes procedementos validados na xuntanza da Comisión de Calidade celebrada o 10 de novembro de 2023.
  - a. Validación, se procede, dos rexistros dos seguintes procedementos:
    - i. R1 MC05 P1. Informe de resultados de satisfacción propios do centro/titulación (curso 2022/2023).
    - ii. R3-DO0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2022/2023).
    - iii. R1 e R2-DO202 P1. Promoción das titulacións (Plan de promoción correspondente ao curso 2023-2024 e Informe de Seguimiento do Plan de promoción correspondente ao curso 2022-2023).
  3. Aprobación, se procede, da Declaración de interese para Modificación do título de Grao en Xeografía e Historia para adaptarse ao RD 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento da garantía da súa calidade (cambio de adscripción do título do ámbito de Artes e Humanidades ao novo ámbito de Historia, arqueología, geografía, filosofía y humanidades por ministerio da lei).
  4. Ratificación, se procede, da proposta do Tribunal para a concesión do Premio extraordinario de grao 2022/2023

A xuntanza realizase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a sfho@uvigo.es de acordo co seguinte procedemento: Os membros da Xunta de Facultade disporán dun máximo de dúas horas (entre as 12:00 e as 14:00 horas do día 26 de outubro de 2022) para pronunciarse sobre os catro puntos da orde do día.

- a) Se o voto é favorable ás propostas contidas na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE a totalidade das proposta contidas na orde do día").
- b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco), deberase concretar con precisión o sentido do voto con relación a cada un dos apartados.
- c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco. Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Xunta de Facultade se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Comisión, así como da ineficacia de todo o actuado.

Rematado o prazo de votación da Xunta de Facultade, emitiron o seu voto 15 membros da citada Xunta e todos os votos foron favorables ás propostas recollidas nos puntos da orde do día.

Remata a sesión ás 14,00 h do día 15 de novembro de 2023, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro